



Sr. Abel Caballero. Alcalde de Vigo.

Asunto: Reclamacións aprobación inicial orzamento xeral do Concello de Vigo 2025.

Anxo Iglesias Covelo, con número de [REDACTED] en calidade de presidente da Asociación Vecinal de Teis con enderezo a efectos de notificación na rúa Gerardo Campos Ramos, 2. 36207. Teis. Vigo

Que o pasado 19 de novembro de 2024, publicouse no boletín oficial da provincia de Pontevedra nº 225, o anuncio polo que se somete a información pública a aprobación inicial orzamento xeral do Concello de Vigo e polo que presento as seguintes reclamacións:

RECLAMACIÓN Nº1

Que estudiada a documentación da aprobación inicial do orzamento xeral do Concello de Vigo, observamos que figura una partida unicamente de 900.000 euros, para o acondicionamento do antigo ambulatorio Teis, para biblioteca.

Desde a Asociación e anpas de Teis, levamos anos reivindicando que Teis necesita unha biblioteca, que o edificio que ocupaba o antigo centro de saúde na rúa Enrique Lorenzo, pechado desde o ano 2000, cunha superficie de 1000 metros cadrados, se destinase para biblioteca entre outros usos dotacionais.

Desde a Asociación Vecinal de Teis, defendemos que neste edificio acolla unha biblioteca, ludoteca e local xuvenil. E non se limite só a unha sala de lectura e que perdamos unha oportunidade de dotar a Teis dunha boa dotación sociocultural.

O goberno municipal leva 10 anos anunciando a remodelación deste edificio, e incluindo partidas nos orzamentos que non se executan. Estamos a finais de 2024, seguimos áinda agardando polo comezo das obras e a cantidade que figura neste orzamento parécenos insuficiente para a remodelación do edificio e a posta en funcionamento da biblioteca en 2025.

Que polo exposto anteriormente se proceda a aumentar a partida de “**acondicionamento antigo ambulatorio Teis, para biblioteca**” en 600.000 euros, retraendo esta cantidade da partida número: 9121-2260200 “anuncios, bandos e campañas institucionais”, ficando esta partida de 1.325.000 euros en 725.000 euros.



RECLAMACIÓN Nº2

Que estudiada a documentación da aprobación inicial orzamento xeral do Concello de Vigo, observamos que non figura ningunha partida que recolla un plan de mellora dos parques da Riouxa e da Guía.

Parque da Riouxa

Hai máis dun ano que unha parte do paseo de pérgolas esta valado por seguridade, debido as deficiencias na estrutura, pero logo de tanto tempo, aínda non se tomou ningunha medida para reparar o paseo.

Na década dos anos 90 realizouse a ampliación da baixada a Rotea, collendo terreos do parque, pero quedou pendente de rematar unha parte do muro que rodea o parque. Este muro leva sen finalizarse mais de 30 anos.

Desde fai anos vimos denunciando que os parques infantís existentes en Teis, son insuficientes para atender as necesidades das familias do barrio. No caso do parque infantil na Riouxa, é moi pequeno, hai espazo para súa ampliación, e así poder a contar cun grande parque infantil en condicións, como hai por exemplo no parque de Castrelos, no Castro ou na parroquia de Chapela.

Parque da Guía

O paseo da capela da Guía, leva pechado desde hai dous anos. Esta decisión tomouse seica polo mal estado de conservación do mesmo.

Este paseo inaugurouse no ano 1969 e nestes anos careceu dun mínimo mantemento por parte dos diferentes gobernos municipais.

Na actualidade a veciñanza ou os visitantes, cando chegan ao entorno da capela do parque da Guía, atópanse con todo valado, coa beirarrúa cortada e teñen que usar a estrada para pasar.

Estamos a falar dun dos parques más importantes da cidade e un referente turístico, non é aceptábel que se atope neste estado, valado desde hai máis de dous anos e se ningún dato que indique que isto vaise acondicionar en breve.



Un dos grandes parques da cidade carece dun simple aseo. Calquera visitante, con tería un simple aseo público en todo o parque. Un ano máis, o parque da Guía, tamén quedou esta excluído do itinerario do bus turístico.

Esta Asociación, xa non é a primeira vez que nós últimos anos denunciamos a deixades do goberno municipal en relación aos parques da Riouxa e da Guía.

Que polo exposto anteriormente se proceda a incluír unha nova partida, “**Plan de mellora dos parques da Riouxa e da Guía**“ de 500.000 euros, retraendo esta cantidade da partida número: 4310-2279900, “ instalación e mantemento do alumeadoo de nadal “ ficando esta partida de 2.428.120,24 euros en 1.928.120,24 euros.

RECLAMACIÓN Nº3

Que estudiada a documentación da aprobación inicial do orzamento xeral do Concello de Vigo, observamos que figura unha partida de únicamente 600.000 euros, para a reforma da piscina municipal de Teis.

A piscina municipal da parroquia, leva pechada máis de 29 meses, logo do incendio ocorrido en 28 de maio de 2022.

Isto provoca que os/as 1500 usuarios/as desta instalación deportiva (piscina e ximnasio), teñan que desprazarse a outras instalacións municipais, como Lavadores e As Travesas.

Tamén afecta as actividades extraescolares dos centros educativos de Teis, nalgún caso están desprazados a outra piscina con menos prazas ou sen actividade extraescolar.

Logo de tanto tempo aínda non comenzaron as obras da reforma da piscina municipal e a partida que figura neste orzamento é insuficiente, para que ao longo de 2025 a reforma desta piscina estea realizada.

Que polo exposto anteriormente se proceda a aumentar a partida, “ **Piscina Teis, investimento por incendio e mellora**“ en 2.405.213,71 euros, retraendo esta cantidade da partida número: 3260 2279917, “ programa educativo aulas internacionais” ficando esta partida de 3.300.000,00 euros en 894.787.000 euros.



RECLAMACIÓN Nº4

Que estudiada a documentación da aprobación inicial do orzamento xeral do Concello de Vigo, observamos que non figura ningunha partida que recolla a mellora das instalacións deportivas da ETEA e a recuperación da piscina.

No ano 2017, decidiuse cubrir a piscina da ETEA para destinala a pista de ximnasia, pero incluíndo un sistema que no futuro permitirá poder recuperala.

Non é lóxico que incluso se chegou a investir diñeiro público na piscina ETEA e logo tomouse a decisión de cubrila.

Esta piscina, podería ter diferentes usos como por exemplo natación sincronizada, wáter-polo, spa ou impartir cursos de natación.

Mentres outros barrios e parroquias contan con spa urbano, ximnasio, etc. a través dos centros “Máis que Auga”, en Teis non hai ningunha destas dotacións deportivas.

Si a piscina da ETEA, estivera funcionando na actualidade poida perfectamente cubrir a demanda da veciñanza de Teis, que agora temos que desprazarnos polas diferentes instalacións deportivas da cidade.

Que polo exposto anteriormente se proceda a incluír unha nova partida, “**Mellora instalacións deportivas da ETEA, recuperación piscina**” de 600.000 euros, retraendo esta cantidade da partida número: 4320-2279902, “promocións turística destino rutas aéreas” ficando esta partida de 625.000 euros en 25.000 euros.

RECLAMACIÓN Nº5

Que estudiada a documentación da aprobación inicial do orzamento xeral do Concello de Vigo, observamos que figura unha partida únicamente de 10.000 euros, para iluminación do parque da Guía.

O goberno municipal anunciou en decembro de 2021, a mellora da iluminación do parque da Guía, que incluía a avenida de Dona Fermina e a capela. Na comisión de goberno do 28 de xullo de 2023, aprobase o expediente de contratación das obras do proxecto de mellora da iluminación, pero en decembro de 2024, está obra non se realizou.

O que más sorprende e que no orzamento de 2025, só figura unha partida de 10.000 euros.



Que polo exposto anteriormente se proceda a aumentar a partida, “**iluminación parque da Guía**” de 326.500 euros, retraendo esta cantidad da partida número: , “ promoción e seguimento plan de medios ” ficando esta partida de 350.000 euros en 23.500 euros.

Solicita:

Que polo exposto anteriormente se teñan en consideración estas reclamacións e se inclúa na aprobación inicial do orzamento xeral do Concello de Vigo.

Vigo, 11 decembro de 2024.

Anxo Iglesias Covelo.
Presidente da A.V. de Teis